

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO DE OBRA DE AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN CHAVES, CONCELLO DE TEO. O-7/2024.

1 XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E INSUFICIENCIA DE MEDIOS

O deterioro dos viais obxecto deste proxecto é consecuencia tanto da antigüidade do último pavimento realizado polo Concello neste vial, como das inclemencias meteorolóxicas propias do paso do tempo asin como do desgaste ocasionado polo propio uso do mesmo, polo tráfico de vehículos diario que discorre por el e como consecuciadas reposicións parciais de aglomerado en zanxas e acometidas das distintas instalacións.

E un factor importante tamén para a súa renovación, a necesidade de obter accesos máis axeitados e eficaces aos existentes, así coma a mellora da sinalización horizontal e vertical.

Todos estes factores fan recomendable as actuacións previstas as cales redundarán en calquera caso no beneficio da seguridade e comodidade dos usuarios.

Para iso recórrese en todos os casos a estender unha nova capa de aglomerado asfáltico sobre a base anterior, xa que desta maneira elimínanse os problemas de desgaste e perda de ligante, e recupéranse as características de forma orixinais do pavimento.

Considerase conveniente asfaltaros a base dunha rodaxe de aglomerado asfáltico tipo S-12 modificado de 6cm de espesor, e rega de adherencia con 1.5 Kg/m² de emulsión asfáltica, incluíndo o levantamento de tapas de arquetas e tapas de rexistro. Realizarase finalmente a sinalización horizontal mediante pintura termoplástica branca ou amarela segundo sexa o caso.

As obras a realizar consisten fundamentalmente na mellora da capa de rodamento das pistas de titularidade municipal sobre as que se obra. Estas actuacións son las que se describen a continuación:

Procederase á limpeza de gabias e a mellora da capa de rodaxe. Reasfaltado de calzada mediante 5 cm de aglomerado asfáltico S-12, compactado ao 97% Marshall, extendido nunha capa sobre toda a plataforma do asfalto existente

varrido/fresado, previa reparación de baches e perfilado de mordentes ao 10% da superficie con aglomerado asfáltico S-12 e rega de adherencia con 1.5 kg/m² de emulsión asfáltica. Esta actuación lévase en todo o ancho das pistas nos tramos obxecto do proxecto a excepción dos anacos de terra no que despois de escavar a caixa procederáse a executar una primeira capa de subbase de zahorra natural con un espesor de 15 cm e unha capa de base de zahorra artificial de espesor de 15 cm, rega de adherencia con 1.5 kg/m² de emulsión asfáltica e por último 6 cm de aglomerado asfáltico S-12, compactado ao 97% Marshall.

Estes tramos unha lonxitude total duns 800 m con anchuras variables, con unha media de 5,40 m. e cunha superficie total a aglomerar de 4.300 m².

Tamén se leva a cabo o recrecido de dezanove tapas de rexistro existentes ata a cota final de acabado.

Finalmente, procederáse á sinalización horizontal e vertical con pintado de liñas en bordos e colocación de sinais. Utilizaranse marcas cun factor de desgaste comprendido entre 10 e 14, fóra de símbolos e frechas, que teñen 8. Por tanto, prevese o emprego en todos os casos, mesmo símbolos e frechas por homoxeneidade e ao ser dunha contía inferior respecto da medición total, de marcas viarias de longa duración.

Considerase que, aos efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, considerase necesario, á vista da insuficiencia de medios materiais e persoais do Concello, que se tramite un contrato para a execución das obras previstas no antedito proxecto a fin de dar cumprimento ao disposto na Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, para a mellora das infraestruturas viarias que contribúan a mellorar a calidade de vida e a seguridade viaria dos habitantes dos mesmos.

2. CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

Administración contratante: Concello de Teo

Tipo de contrato: Obras.



Obxecto do contrato: AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN CHAVES, CONCELLO DE TEO. O-7/2024.

Procedemento de contratación: Procedemento aberto simplificado sumario, xustificando a súa elección en que se encadra nas cuantías do artigo 159.6 da LCSP.

Tipo de tramitación: ordinaria

Código CPV: 45233222-1 Traballos de pavimentación e asfaltado

Aplicación orzamentaria: 450/619.02

Valor estimado: 47.472,11 €

Orzamento sen IVE: 47.472,11 €

IVE: 9.969,14 €

Orzamento total: 57.441,25 €

Duración do contrato: 2 meses

Forma de presentación de ofertas: electrónica (PLCSP)

PREGOS: se aplicarán os pregos de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado sumario (mediante a aplicación e fórmulas).

3. DIVISIÓN EN LOTES.

Non, xa que segundo o informe técnico “O proxecto tratase dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, e constitúe unha unidade funcional, e a súa realización independente das diversas prestacións comprendidas no proxecto dificulta a correcta execución da obra desde o punto de vista técnico, de acordo co establecido no artigo 99 da Lei 9/2017 de contratos do sector público e segundo o artigo 125 do R.D. 1098/2001 polo que se aproba o regulamento da lei de contratos das administracións públicas, ao seren susceptibles de entrar en servizo a súa terminación.”

5. SOLVENCIA ECONÓMICO FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA

Ao tratarse dun procedemento simplificado sumario no é preciso a acreditación da solvencia.

Non é necesaria clasificación ao tratarse dunha obra cun orzamento inferior a 500.000,00 €, pero se informa polo técnico a seguinte clasificación substitutiva da solvencia:

CLASIFICACION PROPOSTA

CATEGORIA 1

GRUPO G. Viais e pistas

SUBGRUPO 4. Con firmes de mezclas bituminosas.

6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

PREZO : 100 puntos. Fórmula pregos Deputación

Ofertas anormalmente baixas: segundo o recollido na LCSP e nos pregos

Na data que figura á marxe

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz